



Boletín de Medio Ambiente



Contaminación Lumínica

Eventos: o vindeiro mércores 31 de marzo ocorrerán tres eventos astronómicos únicos: a superluna de sangue azul, a cal, produciuse por última vez hai 150 anos; a lúa azul e a superluna.

Curiosidades: Será un día perfecto para gozar da contorna que nos rodea, entre o cal, atópase tamén o ceo, contaminado cada vez máis pola actividade do home, por mor da iluminación mal xestionada, das cidades. Por iso pódese converter nun día ideal para facer unha escapada á natureza, que é onde se verán ben estes fenómenos, e gozar da contorna na súa totalidade. Recomendamos o Faro de Róncudo, no concello de Ponteceso (Foto).

Noticias

O medio ambiente é a principal preocupación dos galegos

Segundo a dobre enquisa realizada por *Sondaxe* na que se pediu aos consultados que valorasen nunha escala de 0 a 10 que era o que máis lles perturbaba, a degradación da contorna natural era o que lles causaba un maior quebranto, cunha puntuación de 8,60.

Esta puntuación encontrase por encima do paro (8,57); as pensións (8,08); o envellecemento (8,03); a cultura (7,51); a política (6,51) e a inseguridade cidadá (5,96).

Fonte: La Voz de Galicia

Os científicos teñen probas da recuperación da capa de ozono

Investigadores da NASA demostraron que as diminucións dos niveis de cloro presentes na atmosfera están a reducir o buraco da capa de ozono. Esta diminución do cloro, presente nos chamados clorofluorocarbonatos (CFC), prohibidos na Unión Europea desde 1996, provocou unha redución dun 20% na deterioración da capa de ozono durante o inverno antártico.

Os científicos auguran que o buraco de ozono antártico debería continuar recuperándose a medida que os CFC desaparezan da atmosfera, pero a recuperación completa levará décadas.

Fonte: National Geographic

O Parlamento Europeo crea unha comisión temporal especial sobre os pesticidas na UE

A comisión especial, que terá unha duración de 9 meses e que contará con 30 membros, foi aprobada polos líderes políticos do Parlamento Europeo e a súa aprobación final farase polo pleno da institución en febreiro.

Os temas a tratar pola comisión son: o proceso de autorización de pesticidas na UE, os posibles fallos á hora de avaliar os danos de determinadas substancias e fallos na súa aprobación, o papel da Comisión Europea á hora de renovar a licenza de glifosato, os posibles conflitos de intereses no procedemento de aprobación e o papel das axencias da UE e si están financiadas e contan co persoal necesario para cumprir coas súas obrigacións.

Unha vez finalice o prazo, a comisión especial elaborará un informe no que plasmará as súas conclusións e as súas recomendacións. Este informe será posteriormente aprobado polo pleno do Parlamento Europeo.

Fonte: Parlamento Europeo

Consecuencias dos residuos plásticos

Unha tartaruga verde tardou máis de 5 horas en alcanzar o océano Índico desde a praia á que acudira para depositar os seus ovos, debido á cantidade de residuos de orixe humana que atopaba ao seu paso.



Fonte: ABC

O sorprendente impacto ambiental dos microondas

A Universidade de Manchester realizou o primeiro estudo exhaustivo sobre os impactos ambientais dos microondas. O estudo considerou o seu ciclo de vida completo, desde que se compran ata que son refugados, e segundo as súas conclusións o uso dos microondas emite tanto dióxido de carbono como case sete millóns de automóviles só na Unión Europea ou o equivalente á electricidade anual xerada por tres grandes plantas de enerxía de gas.

O equipo de investigación analizou 12 factores ambientais diferentes, incluído o cambio climático, o esgotamento dos recursos naturais e a toxicidade ecolóxica. Os principais contaminantes ambientais son os materiais utilizados para fabricar os microondas, o proceso de fabricación e a xestión de residuos ao final da vida útil. Pero o que ten o maior impacto no medio ambiente é o consumo de electricidade, o uso habitual dun forno microondas durante unha vida útil de 8 anos consome tanto coma se deixásemos acendida unha lámpada LED de 7 watts durante nove anos, a pesar de que os microondas pasan máis do 90% da súa vida inactivos.

Fonte: Muy Interesante

Sabías que...

existen verdadeiras diferenzas entre os tipos de leite que hai no mercado?

O "leite ecolóxico" é a única que cumpre unha estrita normativa da UE que asegura a súa calidade e a vida en liberdade das súas vacas. O "leite BIO" soamente implica que non contén aditivos, pero nada asegura a vida das súas vacas nin a súa calidade. E o "leite de vacas felices" non ten ningunha garantía ecolóxica converténdose a súa denominación en pura mercadotecnia.

As universidades galegas no ranking das máis comprometidas co medio ambiente

O ranking Green Metric mide anualmente o compromiso de cada universidade participante no desenvolvemento dunha infraestrutura respectuosa co medio ambiente. Este ano participaron 619 institucións de 76 países, no que as universidades galegas deixan moi boa imaxe e corroboran o compromiso ambiental destas institucións. A Universidade da Coruña figura no número 87 como a que mellor puntuación obtén de Galicia, só por detrás das universidades de Alcalá, a Autónoma de Barcelona e a Rey Xoan Carlos de Madrid. As Universidades de Santiago de Compostela e a de Vigo ocupan os números 283 e 118 respectivamente.

O equipo encargado da clasificación selecciona criterios que xeralmente están considerados como de importancia para as universidades no ámbito da sostibilidade. Desta maneira, a clasificación avalía seis indicadores de cada universidade: enerxía e cambio climático, xestión de residuos, transporte, educación, configuración e infraestrutura e uso da auga.

Fonte: Green Metric

Respecto aos animais como materia educativa

Unha moción de Unidos Podemos leva á cámara a incorporación do dereito dos animais ao currículo. Esta "empatía" serve de ferramenta para previr o acoso escolar e condutas violentas, explican. Basean esta iniciativa na biofilia, un concepto pedagóxico "que se define como o vínculo emocional innato nos humanos cara aos demais seres vivos".

Fonte: El Diario

Boas Prácticas

Noruega prohibirá as granxas de peletería en 2025

O novo Goberno noruegués planea eliminar as granxas de peletería en 2025. A noticia que consternou aos produtores de peles foi recibida con alegría polos animalistas escandinavos.

Escandinavia ten tradición de peletería, de feito un 35% da produción mundial atópase en Dinamarca. As maiores granxas de peletería do mundo son de Dinamarca, Países Baixos, Noruega e Finlandia. A produción de peles había decaído na década dos 80 e 90 pero repuntó de novo nos 2000, con clientes como China ou Rusia, por iso é polo que moitos gandeiros sexan remisos a esta nova prohibición:

Fonte: ABC

Axenda Ambiental

- 26/01/2018 Día da Educación Ambiental
- 26/01/2018 #EA26 e o mundo, Barcelona e as redes sociais.
- 26/01/2018 – 02/03/2018 Agroecoloxía. Marco teórico dos enfoques agrocolóxicos. Madrid.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal